


# Portais corporativos (Estudos, PDI e Investigación)

Search

<- Volver



## CONDICIÓNS DO SERVIZO

### DESCRICIÓ DO SERVIZO

Os portais corporativos son extensións á web oficial da UDC que complementan dun xeito máis dinámico información corporativa de relevancia á comunidade universitaria e ao público en xeral.

Os servizos incluídos como portais corporativos (Ficha do PDI, Portal de investigación e Portal de estudos) ofrecen información detallada e pública sobre ámbitos de investigación, docencia e xestión que non están incluídos na web corporativa.

O portal de estudos (<https://estudos.udc.es>) amosa información relativa aos diversos estudos oficiais que se poden cursar na UDC.

O portal de PDI (<https://pdi.udc.es>) amosa información detallada sobre as facetas docentes, investigadoras e de xestión do persoal docente e investigador da UDC.

O portal de investigación (<https://investigación.udc.es>) amosa información relativa á produción científica dos diversos grupos ou unidades de investigación, así como investigadores individuais da UDC.

### QUE NON INCLÚE ESTE SERVIZO

A modificación da información mostrada. Se vostede detecta erros ou inconsistencias da información pode notificalo aos responsables funcionais dos servizos seguintes:

Portal de estudos:

1. Erro na dominación ou contidos dun estudo:
  - Xescampus. Servizo de Xestión Académica
2. Erro nos textos comúns do estudos:
  - Notificar á secretaría do reitor para avalialo.
3. Erro nos resultados do estudo:
  - [Unidade de Análise e Xestión de Datos](#)

Portal de investigación:

1. Erro na información referente a grupos, unidades, investigadores e/ou na produción científica:
  - Os investigadores poden actualizar a información relacionada no SUXI e validar os seus méritos coa axuda das súas UADI
2. Erro nos textos comúns do portal:
  - Notificar á secretaría do reitor para avalialo

Portal do PDI:

1. Erro na información amosada dun PDI:
  - Docencia e cargos de xestión: Xescampus. Contacte coa súa UADI no caso da docencia e coa Secretaría Xeral no relativo a cargos de xestión.
  - Investigación: pode modificar a súa información no SUXI. Se ten dúbidas consulte coa súa UADI.
2. Erro nos textos comúns do portal
  - Notificar á secretaría do reitor para avalialo.

A comunidade universitaria e o público en xeral, con especial atención ao persoal docente e investigador e ao estudiantado.

## QUEN PODE FACER USO DESTE SERVIZO?

Todos os portais son de acceso público, se ben a Ficha do PDI permite o acceso particular a un PDI con conta en Servizos da UDC para modificar a súa fotografía así como biografía ou resumo da ficha.

## CONDICIÓNS DO SERVIZO

O SIC fará todo o razoablemente posible para manter a operatividade ininterrompida dos seus servizos, de acordo cos circuitos previstos regularmente de mantemento de servidores e redes. No entanto, posto que existen moitos sucesos e circunstancias que se encontran máis alá do control do SIC, o SIC non responde do retraso, perda de datos, deficiencias na conexión, conexión lenta, ou calquera outro suceso similar producido por causas alleas ao SIC.

O SIC poderá limitar ou denegar discrecionalmente o acceso aos seus servidores se ao seu xuízo as ditas limitacións ou denegacións son necesarias para garantir a seguridade da rede, a integridade da estrutura da rede ou para previr danos na rede, o software ou dos datos almacenados nos servidores do SIC.

O SIC poderá, sin previo aviso, interromper temporalmente ou incluso cancelar definitivamente este servizo para un órgano ou entidade no caso de incumprimento das condicións de uso.

## CONDICIÓNS DE USO

O contido publicado na web estará de acordo coas funcións establecidas para a Universidade da Coruña nos seus Estatutos e só poderá incluír información relacionada coa actividade específica do órgano ou unidade responsable. O uso do servizo deberá realizarse conforme as condicións pactadas, á lexislación vixente e á boa fe. En ningún caso se poderán publicar contidos que poñan en risco a boa imaxe da Universidade.

A información publicada, así coma as ligazóns incluídas, deberá estar actualizada e non poderá conter información obsoleta ou errónea.

O aloxamento utilizarase única e exclusivamente para albergar os contidos publicados na web. En ningún caso se usará como disco duro ou almacén de datos.

En ningún caso se usará o servizo de aloxamento web coas seguintes finalidades:

- Incorrer en actividades ilícitas ou ilegais de calquera tipo e, particularmente, difundir contidos ou propaganda de carácter racista, xenófobo, pornográfico, sexista, de apoloxía do terrorismo ou atentatorio contra os dereitos humanos, ou actuar en prexuízo dos dereitos á intimidade, ao honor, á propia imaxe ou contra a dignidade das persoas.
- Difundir manifestacións ou referencias falsas, incorrectas ou inexactas sobre os servizos da Universidade da Coruña.
- Danar os sistemas físicos e lóxicos da Universidade da Coruña, dos seus provedores ou de terceiras persoas.

- Introducir ou difundir na rede virus informáticos ou outros sistemas físicos ou lóxicos que sexan susceptibles de provocar os danos anteriormente citados. Absterse de calquera práctica de comunicación masiva ou calquera exercicio ou uso de recursos de sistema que poña en perigo a seguridade e estabilidade do sistema e/ou dos usuarios.

Os contidos publicados deben ser accesibles para garantir os dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social.

Os contidos deberán respectar os dereitos de autor e da propiedade intelectual, segundo a lexislación vixente.

Queda prohibida a recollida, publicación e/ou utilización de datos persoais sen o consentimento expreso ou transgredindo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

Queda expresamente prohibida a inclusión de contidos con publicidade comercial, así como calquera tipo de actividade lucrativa allea ás propias funcións do órgano ou entidade da Universidade.

## Navegadores da internet soportados

- Microsoft Edge
- Google Chrome
- Mozilla Firefox
- Safari

## HISTORIAL DE ACTUALIZACIÓNS

- 19-10-2019 – Ficha do PDI – Incluído no buscador os PDI adscritos a Capítulo VI da UDC.
- 05-12-2018 – Portal de Estudos – Melloras na páxina de inicio

Data actualización : 05/12/2019

Servizo : Portais corporativos (Estudos, PDI e Investigación)

Grupo : Web e aloxamento